



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de inspector/a principal da policía local, pola quenda de promoción interna, (subgrupo A2), C.E 18/23

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 14 de xullo de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura das seguintes prazas:

Unha praza de inspector/a principal da Policía Local, pola quenda de promoción interna, da escala administración especial (subgrupo A2), C.E. 18/23

Admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI
PATIÑO GARCIA , JOSE ABEL	***1490**
QUINTAS RUMBO , JUAN JOSE	***3611**

A inclusión das persoas aspirantes nas listaxes de admitidas ás probas selectivas non supón en ningún caso o recoñecemento por parte da Administración de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento como persoal funcionario.

Segundo.- A listaxe de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse a través do teléfono 010 de información municipal (981.920.010 se se chama desde fóra da cidade), no BOP e na páxina web www.coruna.gal

Terceiro.- As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas persoas que non figuren nas listaxes, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

Esta emenda poderase realizar a través do procedemento “Achea de documentación e/ou alegacións a un expediente”, preferiblemente de forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>), indicando no campo de descrición o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

Aquelas persoas que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidas serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

A Coruña, 17 de xullo de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/4865